



Área / Unidade PARTICIPACION CIUDADANA PC1100 ALC	Documento 23819I00F3	
<i>Código de verificación</i>  3P5S 3I22 6A5F 2L0S 0I01	<i>Expediente</i> 238/2025/14	
	<i>Fecha</i> 19-05-2025	

Convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións dirixidas a apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades de interese social, cívico e cultural das asociacións veciñais do Concello da Coruña, para o ano 2025

RESOLUCION

O Concello da Coruña, en virtude do establecido no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, ten atribuída a competencia para promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos da lexislación estatal e autonómica que lle resulte de aplicación.

A concesión de subvencións constitúe un instrumento básico e indispensable para a consecución dos obxectivos fixados na política social e económica do Concello da Coruña. Por iso, dende a Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, co obxecto de promover a dinamización das asociacións veciñais como ferramentas activas e catalizadoras da participación cidadá, recoñécese a necesidade de convocar subvencións dirixidas a apoiar o funcionamento xeral e a realización de actividades de interese cívico, social e cultural destas entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

A este respecto, o artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón: “As Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaránlle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69”.

O artigo 23 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece que “As corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local”.

A finalidade das subvencións é apoiar economicamente os gastos de funcionamento e a realización de programas, proxectos e actividades de interese cívico, social ou cultural das asociacións veciñais do Concello da Coruña, xa realizados ou por realizar, durante o exercicio económico 2025 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

Establécense dúas liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

Liña 1: Gastos de funcionamento.

É obxecto desta liña outorgar subvencións para apoiar economicamente os gastos de funcionamento das asociacións veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou



Concello da Coruña

noutras condicións de uso gratuítas durante o presente ano (no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

Liña 2: Apoio de programas, proxectos e/ou actividades.

É obxecto desta liña outorgar subvencións para apoiar os programas, proxectos e/ou actividades de interese cívico, social ou cultural que realicen as asociacións do concello da Coruña durante este ano (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro), de acordo con criterios obxectivos que ponderen a importancia e representatividade de cada unha delas.

Segundo o disposto anteriormente, no artigo 3.1 apartado b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante, LXS), o outorgamento de subvencións por este Concello axustarase ás previsións de devandita Lei, que no seu artigo 9.2 dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras da concesión. Asemade, o artigo 17.2 LXS prevé que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

En cumprimento desta previsión legal, o Pleno municipal, en sesión celebrada o día 6 de xuño de 2024, acordou aprobar definitivamente a ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia nº 157 do 16.08.2024.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, a tenor do establecido no art. 23 e seguintes da LXS, mediante a comparación de solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios e a súa iniciación, que será sempre de oficio, mediante a respectiva convocatoria aprobada polo órgano competente. A citada convocatoria deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e na Sede Electrónica do Concello da Coruña. Non obstante, a Lei obriga a efectuar a aprobación do gasto con carácter previo á convocatoria das subvencións (artigo 34.1 LXS).

Para poder atender estes fins de interese social descritos anteriormente, existe crédito axeitado e suficiente por importe de 60.000,00 € na aplicación 51.924.489.00 do orzamento municipal en vigor (BOP nº70 11.04.2025) dos cales 25.000,00 están destinados a gastos de funcionamento e 35.000,00 están destinados a actividades.

As resolucións que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local en virtude do establecido no art. 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

A Xunta de Goberno, por acordo do 4 de xullo de 2024 (BOP nº129 do 5.07.2024) delegou, de conformidade co previsto no art. 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, nos e nas concelleiros e concelleiras responsables das áreas de goberno unha serie de atribucións. O apartado i) do citado acordo acordou delegar o desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesión e negocios xurídicos patrimoniais que se rixen polo apartado c)), e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión así como a aprobación de subvencións nominativamente previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos miles de euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.



Concello da Coruña

En concordancia co anterior, a ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos (BOP nº157 do 16.08.2024) dispón no seu artigo 10 que a aprobación da respectiva convocatoria corresponde é a Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse.

Á vista do informe emitido polo servizo de Participación Cidadá, a concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, (acordo do 4 de xullo de 2024, BOP nº129 do 5.07.2024), en uso das facultades que ten conferidas

RESOLVE

Primeiro.-Autorizar o gasto de sesenta mil euros (60.000,00 €), dos cales vinte e cinco mil (25.000,00 €) destínanse a gastos de funcionamento e trinta e cinco mil (35.000,00) destínanse a actividades, correspondente á convocatoria específica da concesión de subvencións destinadas a apoiar o funcionamento e a dinamización de actividades de interese social, cívico e cultural das asociacións veciñais durante o exercicio 2025, gasto imputable á aplicación 51.924.489.00 do orzamento municipal en vigor (BOP nº70 11.04.2025).

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, destinadas a asociacións veciñais para o funcionamento e a realización de actividades de interese cívico, social ou cultural no termo municipal da Coruña para o exercicio 2025, que figuran no expediente de referencia. (CSV versión galego: 3E67 4J52 653G 1936 10YU CSV versión castelán: 4B0W 6W21 160D 5T5L 0C4C) así como os anexos das mesmas (CSV 5W0L 0K1V 0861 0O6M 0943).

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

A concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade
P.D da Xunta de Goberno Local (acordo do 4 de xullo de 2024, BOP nº129 do 5.07.2024)